



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

JUAN PERRO

Vuelve Juan Perro Tour 2009 chega ao peirao de Transatlánticos de Vigo, onde Norberto Rodríguez (guitarra), Ronald Morán (contrabaixo), Moisés Porro percusión) e Santiago Auserón (voz e guitarra) ofrecerán o 5 de agosto unha selección de catro álbums históricos que ampliaron o horizonte da canción en español -*Raíces al viento, La huella sonora, Mr. Hambre, Cantares de vela*- e presentarán as cancións que Juan Perro estivo pulindo nos últimos anos, con aires mestizos da Habana e de Nova Orleans. O concerto comezará ás 22.30h e as entradas están xa á venda en Servinova, por 15 euros ata o 10 de xullo, 18 euros ata o propio día do concerto e 20 euros na billeteira.

O Rastro de Juan Perro

Nome de vagabundo *callejero*, nome de home común con apelido de Perro, a marca artística de Santiago Auserón despois de Radio Futura virou a vista desde o horizonte do optimismo tecnolóxico cara á vella tradición trovadoresca. Houbo un Juan Zorro, trobador galego medieval, que inaugurou entre nós a saga de cánidos cantores. Non faltan na tradición letrada outras pegadas semellantes, desde a escola dos pensadores cínicos até os cans músicos de Kafka, pasando polas reflexións de Cipión e Berganza na novela de Miguel de Cervantes.



Pero a tradición coa que Juan Perro quere hermanar primeiro a súa herdanza eléctrica é a dos soneros cubanos, que Santiago Auserón coñeceu desde a súa primeira viaxe a Cuba, en 1984. Alí confirmou que había cantores negros e mulatos que manexaban con soltura a lingua española, metida en ritmos de orixe africana, permitindo a comparación con outras beiras da música afroamericana.

Por medio dun alias máis ben áspero, como o alcume dun trobador medieval, dun bluesman do Delta ou dun sonero do Oriente cubano, Santiago Auserón vencella a súa escritura de cancións coas correntes profundas da música popular, tan pronto reveladas como encubertas polas páxinas da actualidade caprichosa, en busca dun futuro artístico asentado en fundamentos vigorosos.

Sucede que no noso chan os patróns rítmicos máis ricos, as melodías mellor formadas, deben ser desenterrados como óso vello, baixo os cascallos dun negocio musical que deixa tras a súa precipitación un rastro discontinuo. Por iso o pasado mesmo da nosa canción popular, así como as súas consecuencias futuras, deben ser redescubertos ou reinventados cada dez anos, soñados como unha illa utópica, ao límite do posible.

O nome de Juan Perro apareceu por primeira vez nun disco de Radio Futura gravado en Nova York, *La canción de Juan Perro*, (BMG-Ariola, 1987) onde o grupo, no seu mellor

FESTAS 2009

SERVIZO DE PRENSA

Mila Alonso

Tf. 619044591

Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org



momento creativo, tentou asentarse nas bases dun rock con aire latino. Tras a disolución do grupo e a edición da antoloxía do son cubano *Semilla del son* (BMG-RCA, 1991), pioneira do xénero nas nosas tendas de discos, Santiago Auserón entregouse de cheo á composición do novo repertorio, imaxinando as andanzas da súa personaxe, que verso a verso ía adquirindo fisonomía verosímil.

A banda de Juan Perro

Na xira Kiko Veleno e Juan Perro viñen dando el Cante, en 1993, Juan Perro estreou as súas primeiras cancións ante o público. Veu despois o seu primeiro disco: *Raíces al viento* (BMG-Ariola, 1995), gravado na Habana cun luxoso equipo de músicos cubanos, británicos e españois. No segundo, *La huella sonora* (BMG-Ariola, 1997), unha banda máis reducida, que resultaría estable durante anos, incorporaba a achega de soneros sobresaíntes, como o tresero Pancho Amat e o percusionista Moisés Porro, ademais do contrabaixo jazzero de Javier Outeiro, e a guitarra rockeira do galés John Parsons.

O xiro cubano de Juan Perro foi saudado con opinións diverxentes. Mentres *Raíces al viento* era designado mellor disco latino pola revista *La Banda Elástica* de Los Ángeles, e *Cambio 16* designaba a Juan Perro músico do ano, unha parte da crítica española trataba ao seu autor de vendedor de falso elixir, negando á maridaxe de rock e son calquera futuro. A propia chegada dos soneros a España -na que as producións de Santiago Auserón xogaron un papel determinante- non sería tida en consideración, ata que o son non recibiu anos máis tarde o espaldarazo da *mainstream* internacional.

Convencido a pesar de todo do alcance da súa aposta, Juan Perro ía tratar de condensar na seguinte etapa a súa experiencia fronteiriza nun disco de rock con cor autóctona: *Mr. Hambre* (Dro East West, 2000). Un caderno de letras longamente acariñado prestouse á aprendizaxe da autoproducción en estudo caseiro, en busca das vantaxes da gravación independente.

Juan Perro

Botando de menos a calor das tomas en grupo, Juan Perro xuntou ao ano seguinte nun estudo de Barcelona unha sección rítmica composta por brillantes improvisadores (o guitarrista Jordi Bonell, de novo Javier Outeiro, a batería Marc Miralta), habituados a tratar co cante en territorio flamenco, abertos á arriscada tarefa de consolidar un estilo entre o rock e o son -unha especie de soul hispano- baixo o título *Cantares de vela* (Dro East West, 2002).

A xira do ano 2002-2003 reuniu unha formación distinta, que se propuxo obter o máximo de fluidez e concreción dun repertorio composto xa por catro álbums. Vicente Climent (batería) Moisés Porro (percusión e coros), Camilo Edwards (baixo eléctrico), Javier Mora (piano e órgano) e o guitarrista cubano Norberto Rodríguez, contribuíron a ampliar ao longo do ano o círculo de incondicionais do directo de Juan Perro.

Pero Juan Perro sentiu a necesidade de pensalo dúas veces, antes de soltar novas cancións ao aire turbulento. Deixou a Santiago Auserón a tarefa de cumprir cun extenso

FESTAS 2009

SERVIZO DE PRENSA

Mila Alonso

Tf. 619044591

Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

capítulo de colaboracións, sen ter que pór a proba a súa identidade canina, coidadosamente perfilada durante toda a década anterior.

Hoxe as novas cancións empezan a reclamar ao seu intérprete. O público agarda atento a apertura doutras canles de contacto. E Juan Perro levántase perezosamente da sesta, repasa a afinación da súa guitarra, quíttalle o po ao chapeu, preparando o seu retorno.

+ info:

<http://www.lahuellasonora.com/descargas.php?a=juan-Perro>

http://www.lahuellasonora.com/fotos_videos.php?a=juan-Perro

<http://www.myspace.com/juanperromyspace>

<http://www.lastfm.es/music/Juan Perro>

<http://www.youtube.com/juanperrovideos>

As entradas están á venda a través de www.servinova.com, no teléfono 902 504 500 ou na Central de Espectáculos de Vigo (Velázquez Moreno, 24). As localidades teñen un prezo de 15 euros express, 18 euros en anticipada e 20 euros en taquilla.

FESTAS 2009

SERVIZO DE PRENSA

Mila Alonso

Tf. 619044591

Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org